



Enrédate co tecido solidario da Coruña

Sábado 27 de febreiro no Palexco

entrada de balde



Concello da Coruña
Concellaría de Mocidade, Solidariedade
e Normalización Lingüística

Ser voluntario/a é tomar conciencia das nosas posibilidades reais para contribuír activamente na construción de sociedades máis igualitarias e máis xustas. Sementar humanidade que xermole humanidade. Iso é o que se propoñen no seu quefacer cotián as moitas entidades de acción voluntaria que traballan no municipio da Coruña e os seus voluntarios e voluntarias. Verdadeiros “modelos de solidariedade”, de participación e de compromiso.

É responsabilidade dos poderes públicos contribuíren a visibilizar e recoñecer este labor feito dun xeito totalmente desinteresado por entidades e voluntariado. Por este motivo, a Concellaría de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística do Concello da Coruña, xunto con medio centenar de entidades non lucrativas, ten o pracer de lle ofrecer á cidadanía un encontro que se celebrará o día 27 de febreiro no Palexco, aberto ao público de 10:00 a 14:30 h e de 16:00 a 21:00 h.

Un **Espazo Solidario** co que queremos ofrecerlles un lugar de reunión e intercambio a todas aquelas persoas vencelladas dalgún modo ás distintas entidades de acción voluntaria, nunha xornada que terá como eixes principais o labor voluntario e a participación cidadá, a solidariedade e a cooperación. Con esta iniciativa, queremos contribuír a *“fomentar e promover a participación social da cidadanía no desenvolvemento da acción voluntaria e sensibilizar a sociedade respecto dos valores que implica”*

Durante a xornada, as persoas asistentes terán a posibilidade de gozaren dun percorrido solidario por máis de medio centenar de stands, para coñeceren de primeira man a que se dedican as distintas entidades de acción voluntaria que traballan no municipio coruñés; as súas inquedanzas e expectativas, os valores que promoven e, por suposto, todas aquelas actividades en que as persoas interesadas poden participar como voluntarias contribuíndo coas súas achegas á consolidación dunha verdadeira rede de solidariedade cidadá. Terán oportunidade de interactuar cos/as técnicos/as das entidades e cos seus voluntarios e voluntarias nas distintas actividades que configurarán a programación da xornada; actividades planificadas e desenvolvidas, na súa meirande parte, polas propias entidades.

Café-coloquios, presentacións de proxectos, actuacións musicais e teatrais, proxección de documentais, actividades lúdicas e educativas para os e as máis pequenos/as, degustación de produtos de comercio xusto, exposicións, obradoiros abertos etc. Estas son, en liñas xerais, algunhas das actividades en que poderán participar todas aquelas persoas que se acheguen o día 27 de febreiro ao Palexco.

ENL PARTICIPANTES

<ol style="list-style-type: none"> 1. ABEIRO 2. ACCEM 3. ACOFIFA 4. ACSUR LAS SEGOVIAS 5. ADACECO 6. ADCOR 7. ADRA 8. AECC Galicia 9. AGADHEMO 10. ALCER 11. AMNISTÍA INTERNACIONAL 12. APEM 13. ARQUITECTOS SEN FRONTEIRAS 14. ARTEFÍOS 15. ASESER TERANGA 16. ASPACE 17. ASPANAES 18. ASPRONAGA 19. AVAN 20. AXUDA EN ACCIÓN 21. CAMBRE POBO SOLIDARIO 22. CASCO 23. CIBERVOLUNTARIOS 24. COGAMI 25. COLECTIVO MOUCHO 26. COSOPGA 27. CRUZ VERMELLA 28. DOWN CORUÑA 29. ECODESARROLLO GAIA 30. ECOS DO SUR 31. ENTRECULTURAS, FÉ Y ALEGRÍA 32. ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS 	<ol style="list-style-type: none"> 33. EQUUS ZEBRA 34. FAXPG 35. GAMELÁN 36. GRUMICO 37. MANS UNIDAS 38. MENIÑOS 39. OFICINA COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO 40. OJE CORUÑA 41. ONCE 42. RONSEL 43. SOLIDARIEDADE GALEGA 44. SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL 45. SCOUTS DE GALICIA 46. UDP CORUÑA 47. VIRAVENTOS 48. VOLUNTARIADO SOCIAL FONSECA 49. PLATAFORMA CORUÑESA DE VOLUNTARIADO 50. INTERMÓN OXFAM 51. JUANSOÑADOR <p>Colaboran:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obra Social Caixa Galicia • Bibliotecas Municipais do Concello da Coruña • Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade • Fundación Paideia • Fundación Alcoa • Fundación Bip Bip • Área de Igualdade, Solidariedade e Normalización Lingüística da Deputación da Coruña • Radio Coruña, Cadena Ser <p>Organiza: Concellaría de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística do Concello da Coruña.</p>
---	--

FORO SOLIDARIO (Sala Bitácora)

Capacidade para 75 persoas

10:00 h **Conferencia coloquio:** *Novos retos para a solidariedade*. Relator: D. Enrique Arnanz Villalta presidente de IC Iniciativas e prestixioso experto en análise de organizacións e movementos de acción voluntaria

12:00 h **Inauguración do evento** a cargo da concelleira de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística Dña. Ermitas Valencia Romar

12:30 h **Mesa redonda:** *Fontes de recursos para ENL*. Relatoras: Dña. Isabel Couceiro Núñez, responsable de Programas de Inclusión Social de Obra Social Caixa Galicia; Dña. Celia Martínez Lijo, técnica de RRHH e coordinadora do Programa de Voluntariado da Fundación Paideia; e D. Juan Manuel Quintela López, xefe de planta de Alcoa A Coruña e responsable da Fundación Alcoa na Coruña

14:30 h *Descanso para xantar*

16:00 h **Café coloquio:** *Recursos TIC na xestión de voluntariado*. Relatora: Dña. Ana Alvarado Rodríguez responsable de relacións con ONG da Fundación Bip Bip.

17:00 h **Café coloquio:** *Bibliotecas Solidarias*. Relatoras: Dña. Belén Solleiro Díaz e Dña. Elena Pernas Lázaro en representación de Bibliotecas Municipais da Coruña.

18:00 h **Presentacións de experiencias en solidariedade:**

18:00 – 19:00 h *Ámbito de autonomía persoal e diversidade funcional*

- *Fundación Adcor*
- *Asociación de Padres para la Formación de Jóvenes Límite, Artefíos*
- *Cogami*
- *Fundación ONCE*

19:00 – 20:00 h *Ámbito de dereitos humanos e cooperación internacional*

- *Enxeñería Sen Fronteiras*
- *Arquitectos Sen Fronteiras*
- *Solidariedade Galega*
- *Cibervoluntarios*

AVISO IMPORTANTE

Debido ao aforo limitado das salas é preciso solicitar invitación para poder asistir. Envíanos unha mensaxe cos teus datos (nome, apelidos, teléfono e DNI) a: voluntariado@coruna.es

Tamén podes remitirnos a túa solicitude por correo postal ao enderezo: rúa Betanzos 1, 1º. Esq. A, 15004, A Coruña. Respostaremos o antes posible!



AULA ABERTA (Sala Azimut)

Capacidade para 100 persoas

10:00 h **Nosotras en cotidiano**. 45'. ACSUR Las Segovias. Tres curtas documentais sobre a perspectiva de xénero, dúas feitas en Guatemala e unha na Coruña: *El Tanque*, (17', AMUTED), *Día de la madre*, (4', DEMA) e *Unha historia de redeiras e grúas*, (10')

10:45 h **Obradoiro sobre violencia de xénero** organizado por COSOPGA

12:00 h **IV Encontro de Persoas Xordocegas**. 30'. FAXPG. Reportaxe sobre comunicación con persoas xordocegas, así como a adaptación ás súas necesidades específicas

12:30 h **Obradoiro de lingua de signos española e guía de persoas xordocegas** impartido pola FAXPG

14:30 h *Descanso para xantar*

16:00 h **Xogo de roles** sobre a importancia da doazón de órganos a cargo de Alcer Galicia

17:00 h **A vida sen barreiras**. 50'. GRUMICO. Documental que relata a experiencia de catro persoas con diversidade funcional e as limitacións que atopan nas súas perspectivas vitais

18:00 h **A nosa vida despois dun dano cerebral adquirido**. 60'. ADACECO. Proxección dunha obra de teatro interpretada por persoas con dano cerebral adquirido

19:00 h **Fronteiras de papel**. 50'. ACCEM Galicia. Documental sobre a vida de cinco solicitantes de asilo na cidade da Coruña

AVISO IMPORTANTE

Debido ao aforo limitado das salas é preciso solicitar invitación para poder asistir. Envíanos unha mensaxe cos teus datos (nome, apelidos, teléfono e DNI) a: voluntariado@coruna.es

Tamén podes remitirnos a túa solicitude por correo postal ao enderezo: rúa Betanzos 1, 1º. Esq. A, 15004, A Coruña. Respostaremos o antes posible!



Actividades lúdicas permanentes...



Bibliotecas solidarias Actividades lúdicas de animación á lectura para nenos e nenas entre 3 e 12 anos, ofrecidas pola rede de Bibliotecas Municipais do Concello da Coruña.

O tesouro encriptado Os/as participantes nesta busca do tesouro terán que descifrar unha mensaxe sobre a solidariedade e o voluntariado. Organizada por Aspronaga e Agadhemo.

O mundo de Milu Axudados/as por voluntarios e voluntarias de Meniños, coñeceredes os dereitos da infancia da man de Milu.

Ponte no meu lugar Pensaches algunha vez nas dificultades coas que se atopan as persoas con mobilidade reducida para desprazarse polo seu contorno? Grumico (Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña) guiarate para que o descubras en por ti mesmo/a.

Degustación de produtos de comercio xusto Poderás gozar da degustación de produtos de comercio xusto, unha alternativa de consumo comprometida cos dereitos dos/as pequenos/as produtores. Organizada por Solidariedade Internacional e Intermón Oxfam.

Mostra de vehículos de transporte adaptado Grazas ás explicacións das persoas voluntarios e das voluntarias de AVAN, coñecerás que é e para que serve un vehículo de transporte adaptado.

Programa especial emitido en directo por Radio Coruña, Cadena Ser.

Sorteo de entradas para os concertos que Mayumaná ofrecerá na Coruña no mes de marzo.

E tamén: exposicións fotográficas, audiovisuais
promocionais en aberto, malabares...

Actividades infantís e xuvenís...

- 11:30 h **Obradoiro de títeres multiculturais** no que os máis pequenos e as máis pequenas aprenderán a construír divertidos títeres de dedo. De 3 a 6 anos
- 11:30 h **Bonecos do mundo** Obradoiro de manualidades no que elaboraremos bonecos articulados multiculturais. De 7 a 12 anos
- 12:30 h **Contamos un conto** Representación conxunta dun conto asociado as diferentes culturas cos títeres elaborados. Para rapaces e rapazas de 3 a 6 anos
- 12:30 h **A volta ao mundo** Descubre os teus dereitos. Participando neste xogo viaxarás polos países nos que traballa Axuda en Acción, descubriendo de forma lúdica os dereitos da infancia e algunha das características culturais destes países. Para rapaces e rapazas de 7 a 12 anos. Organizada por Axuda en Acción
- 12:30 h **Xogando ca música** Obradoiro de manualidades no que os rapaces e rapazas aprenderán a fabricar os seus propios instrumentos de percusión. De 7 a 12 anos
- 17:00 h e 17:30 h **Xogos cooperativos con paracaídas** Aprendemos a cooperación xogando. Para rapaces e rapazas de 3 a 12 anos. Primeira quenda ás 17:00 h para idades de 7 a 12 anos e segunda ás 17:30 h para idades de 3 a 6 anos
- 17:00 h **O canguro na granxa.** Contacontos narrado por Ana del Valle e organizado por Intermón Oxfam. Para nenos e nenas de 3 a 6 anos
- 17:30 h **Obradoiros de lámpadas de papel** dinamizado por Asde-Scouts de Galicia, no que poderás aprender a elaborar lámpadas de papel. De 9 a 14 anos
- 18:00 h **Xogos populares,** goza dos xogos de sempre. Para rapaces e rapazas de 7 anos en diante. Actividade organizada por OJE Coruña

Actividades para toda a familia...

12:30 h e 17:30 h

Henna tattoo Achégate ao significado deste costume cultural. Organizado por Ecos do Sur

17:00 h

Obradoiro de caligrafía árabe Queres saber como se escribe o teu nome ou esa palabra que tanto che gusta na caligrafía árabe? Non perdas a oportunidade. Organizado por Cambre Pobo Solidario

18:00 h

Un conto con moita marcha: A illa do Pirata Aventura As voluntarias e voluntarios de UDP farán que nos mergullemos nun mundo de aventuras ca historia deste pirata tan singular. Actuación teatral organizada por UDP

20:00 h

Concerto do cantautor Hugo Torreiro
organizado por Cambre Pobo Solidario

13:45 h

Concerto do cantautor Mr Papis-D e o grupo Axlubi-X co DJ Saco e Mr Thiep
Organizado por Aseser Teranga

 16:30 h

As alfombras voadoras Participando nesta dinámica terás a oportunidade de reflexionar xogando sobre os dereitos da infancia e o traballo infantil. Xogo cooperativo organizado por Amnistía Internacional

17:30h

Simulacro de emerxencias por terremoto
Os voluntarios e voluntarias de Cruz Vermella explicarán cal é o protocolo de actuación en primeiros auxilios en caso de emerxencias por terremoto

19:00 h

Rítmos de Senegal Goza desta actuación e coñece parte da cultura musical de Senegal.
Organizada por Equus Zebra

